

TEMA 5 - INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL

TEMA 5-B. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL: O REINADO DE ISABEL II

Entre 1836 e 1874, as diferenzas e disputas entre os distintos grupos liberais sobre os principios configuradores do Estado provocaron en España frecuentes cambios constitucionais e políticos. En síntese, pódense distinguir tres réximes políticos: o *progresista*, vixente entre 1836 e 1843; o *moderado*, entre 1844 e 1868, e o *democrático*, entre 1868 e 1874 (que primeiro adoptou a forma monárquica e despois a republicana).

I.- PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENZAS ENTRE AS DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS (composición histórica ABAU)

O triunfo do liberalismo fronte ao Antigo Réxime converteuno na ideoloxía dominante. Pero, á hora de levar á práctica os seus principios políticos e económicos, existiron fortes diferenzas que causaron a súa división en varias tendencias. As diferenzas xiraron principalmente arredor de cinco aspectos:

1. a soberanía do poder (compartida / nacional / popular)
2. a separación e exercicio dese poder (estricta ou non)
3. o réxime de dereitos e liberdades, especialmente o dereito ao sufraxio
4. a cuestión relixiosa
5. a forma de organización territorial do Estado: unitaria (centralizada ou descentralizada) e federal.

En síntese, pódense distinguir dúas correntes básicas ou **tendencias** dentro da ideoloxía liberal: o **liberalismo doutrinario** e o **liberalismo democrático**.

LIBERALISMO DOUTRINARIO:

- Soberanía compartida (Coroa e Cortes comparten o poder lexislativo)
 - Sufraxio censatario (só vota quen posúa un determinado nivel económico ou cultural).
 - Restrición das liberdades
 - Oficialidade do catolicismo
 - Estado unitario e centralización
 - Nomeamento dos alcaldes polo Goberno
- Partidos moderado e progresista**

LIBERALISMO DEMOCRÁTICO:

- Soberanía popular
 - Sufraxio universal
 - Dereitos e liberdades amplas
 - Liberdade de cultos
 - Estado unitario ou federal
 - Descentralización
 - Elección popular dos alcaldes
- Partido demócrata**

Os principios dun e doutro liberalismo foron asumidos e mesturados polas diferentes elites e clases burguesas existentes en España e Galicia. En liñas xerais, distínguense **tres grandes familias políticas liberais**: os **moderados**, os **progresistas** e os **demócratas** (estes, a súa vez, divididos en monárquicos

e republicanos). Os partidos políticos do século XIX eran moi distintos aos actuais. Tratábase de **agrupacións de persoas influentes e poderosas (notables)** e non constituían partidos con programas elaborados senón correntes de opinión ou “camarillas”, vinculadas por relacións persoais ou por intereses económicos. Apenas tiñan contacto coa realidade social, ignorábana.

A **escasa participación nas eleccións** facía do pobo, analfabeto e sumido na pobreza, un mero espectador da vida política, centrada en Madrid, sede do goberno, da coroa e das institucións. Consecuencia disto, foi un **sistema electoral** no que só participaban os maiores contribuíntes. **A porcentaxe de votantes oscilou entre o 0,1 e o 25% dos españois** entre 1834 e 1868.

Os **dous grandes partidos** da época isabelina foron os **moderados** e os **progresistas**. Representaban as dúas grandes correntes do liberalismo da primeira metade do século XIX e eran a expresión da defensa dun sistema monárquico constitucional personificado pola monarquía de Isabel II.

Os moderados asumiron plenamente a defensa dos principios do liberalismo doutrinario. Foron os que máis tempo detentaron o poder e contaron coa predilección dos distintos monarcas españois, así como co apoio dos notables e das clases altas. Foron férreos defensores da exclusión das masas da política, impondo un restritivo sistema electoral (sufraxio censatario).

Así mesmo, defenderon o principio da soberanía compartida entre as Cortes e a Coroa, outorgándolle a esta amplos poderes de intervención política (nomear ministros, disolver as Cortes...) e amosáronse partidarios do control da vida municipal polo goberno central, e de limitar os dereitos individuais, especialmente os colectivos como as liberdades de prensa, opinión, reunión e asociación.

Os progresistas seguiron unha liña ambigua. Procedentes dos exaltados das Cortes de Cádiz e do Trienio Liberal, na segunda metade da década de 1830 moderaron as súas reivindicacións. Aceptaron unha gran parte dos principios do liberalismo doutrinario, pero combinados cos de defensa da primacía das Cortes sobre o rei, a descentralización municipal e unha interpretación ampla das liberdades (liberdade de prensa, de opinión, de relixión...) pero mantiñan o principio do sufraxio censatario aínda que eran partidarios de ampliar o corpo electoral.

A pesar do seu propósito de gobernar, sempre tropezaron co desexo dos monarcas e dos moderados de excluílos, o que lles obrigaba a empregar a conspiración e a violencia como medio para alcanzar os seus obxectivos.

Están apoiados pola pequena burguesía (ou clases medias), mandos inferiores do exército e, especialmente, os profesionais liberais (escritores, médicos, avogados, profesores, empregados...).

Os demócratas xurdiron como grupo organizado na década de 1840, como unha disidencia dos progresistas ante a súa crecente moderación. Defenderon en toda a súa plenitude as propostas do liberalismo democrático. Constituiron unha minoría radical, a súa vez dividida entre os partidarios da monarquía e os partidarios da república. Os demócratas defendían xa o sufraxio universal, e a ampliación das liberdades públicas.

En 1854 formouse baixo o lema de “**Unión Liberal**” un novo partido que naceu como unha escisión dos moderados e que atraeu ao seu seo ós grupos máis conservadores do progresismo. Pretendía constituírse como unha opción “de centro” entre os dous partidos clásicos, pero non representaba ideoloxicamente ningunha novidade máis aló da de unir para gobernar aos sectores descontentos coa política moderada da primeira década do reinado de Isabel II con aqueles que se querían afastar das opcións máis radicais e democráticas do progresismo.

O peso do exército

Unha das características do exército español durante o século XIX foi a súa constante presenza na vida política:

A guerra da Independencia nutriu ao exército dunha oficialidade que proviña de sectores medios e populares, e era proclive ao liberalismo.

Ao longo do reinado de Fernando VII, a volta ao constitucionalismo só foi posible apelando ó poder da armas (**pronunciamento**).

As guerras carlistas fixeron que o exército se convertese na única garantía da pervivencia no trono de Isabel II.

Tamén foi un apoio indispensable para forzar á Coroa a entregar o poder a moderados ou a progresistas. Produciuse xa que logo, unha “militarización” da vida política, unha institucionalización do recurso ao exército por parte dos partidos políticos.

Os xefes dos partidos políticos eran altos cargos militares (Narváez, Espartero, Prim, O’Donnell).

O exército actúa como mero brazo executor da conspiración política. Isto evidencia a debilidade do propio sistema de partidos para transformar por si mesmos o sistema e implantar solidamente o liberalismo, polo que remataban a miúdo recorrendo ó exército para acceder ao poder, para controlar a aqueles que combatían ao liberalismo (carlistas) ou para dominar aos grupos populares, que desexaban reformas máis fondas.

II.- O REINADO DE ISABEL II: MINORÍA DE IDADE. IMPLANTACIÓN DO LIBERALISMO

2.1. A REXENCIA DE MARÍA CRISTINA (1833-1840)

O mesmo ano da morte de Fernando VII (29-10-1833) os sectores máis absolutistas conxuráronse arredor de Carlos María Isidro, irmán do rei defunto, para tomar o poder. Don Carlos reclamaba a coroa porque a Lei Sálica impedía a unha muller ocupar o trono. Producíronse en distintos lugares de España numerosos levantamentos nos que se proclamou ao infante Don Carlos como o novo rei. A súa incapacidade para arrastrar á totalidade da poboación española deu orixe a unha longa, dura e cruenta guerra civil.

2.1.1. A Guerra Civil Carlista (1833-1840)

O **programa ideolóxico do carlismo** resumíase na defensa da relixión católica, do absolutismo monárquico, dos privilexios do Antigo Réxime e do

foralismo (exención de impostos, autonomía administrativa e económica, limitación do poder real, etc. fronte á centralización do liberalismo); de aí o apoio que recibiu en Cataluña, nas provincias vascas e en Navarra. O seu rexeitamento ás reformas liberais iniciadas nas Cortes de Cádiz foi total, especialmente as que afectaron á Igrexa. As súas **bases sociais** foron o clero, o campesiñado pobre, gran parte da nobreza e sectores das clases medias defensoras dos foros.

Xeograficamente, esta guerra localizouse de forma máis intensa nas Provincias Vascas, Navarra, Norte de Cataluña e no Maestrazgo (entre as provincias de Cuenca, Teruel, Castellón e Valencia), mentres que partidas carlistas actuaron de forma permanente ou esporádica en Galicia, Castela e A Mancha. A superioridade do exército isabelino, en armas e homes, viuse equilibrada pola guerra de guerrillas practicada polo exército carlista.

Dentro do carlismo xurdiu unha división entre os máis conservadores (apostólicos) e os menos radicais, partidarios de negociar. Triunfou esta última postura, o que permitiu a sinatura do **Convenio de Vergara** (29 de agosto de 1839) entre o xeneral Espartero e o xeneral carlista, Rafael Maroto. O rexeitamento deste acordo polo sector apostólico e polo propio Don Carlos prolongou a guerra en Cataluña e Aragón ata a derrota definitiva en Morella (Castellón) en 1840. Sen embargo, o carlismo non desapareceu, os seus partidarios abandonaron España camiño ao exilio en Francia; e o conflito rebrotará posteriormente.

2.1.2. Alternancia de Progresistas e Moderados no Goberno

A rexente era pouco propicia ás teses liberais e así, os primeiros gobernos de María Cristina, xunto coa concesión de amnistía que permitiu o retorno dos exiliados, realizaron diversas reformas políticas que non alteraron o poder absoluto da Coroa. Entre estas reformas destaca a **división provincial**, decretada en 1833, e realizada por Javier de Burgos, ministro de Fomento. España foi dividida en 49 provincias (as mesmas que na actualidade agás Canarias que daquela formaba unha soa provincia) que fixeron desaparecer os antigos reinos medievais. Esta reforma buscaba tanto unha maior racionalización administrativa como unha maior centralización e control territorial.

Pero o inicio da primeira guerra carlista obrigou á rexente a escoitar as voces dos que pedían unha convocatoria de Cortes para consolidar o trono. En 1834, a presión dos liberais obrigou a María Cristina a nomear xefe do Goberno a **Martínez de la Rosa**, que estivera no exilio desde 1823. Foi el quen concibiu o **Estatuto Real de 1834**, unha constitución que, por influencia francesa, tiña o carácter dunha Carta Outorgada, é dicir, unha concesión gratuíta do monarca. O Estatuto era en realidade unha convocatoria de Cortes. A soberanía seguía sendo do rei; as Cortes estaban supeditadas á Coroa e a participación política quedaba restrinxida a unha minoría moi pequena (0,15% da poboación); os dereitos dos cidadáns non aparecían recollidos e a separación de poderes nin se mencionaba.

Durante 1835 os intentos revolucionarios sucedéronse cada vez con maior gravidade e intensidade estimulados polos liberais radicais e pola situación orixinada pola guerra carlista. En 1836, o triunfo dos motíns populares e o pronunciamento das tropas permitiron o **acceso ao Goberno dos progresistas**, quen restauraron a vixencia da Constitución de 1812. Ante esta situación, María Cristina confiou o Goberno a **Mendizábal**, un liberal progresista cuxo gabinete reorganizou a Milicia Nacional (de ideoloxía progresista) e propuxo pagar e gañar a guerra coa desamortización de bens do clero.

A **desamortización de Mendizábal** (1836) consistiu na nacionalización das propiedades rústicas e urbanas da Igrexa e a súa venda posterior en poxas públicas a particulares. Con isto pretendíase sanear a débeda pública, crear unha clase de novos propietarios afíns á causa liberal e desmantelar o poder económico da Igrexa, considerada como un baluarte do Antigo Réxime. Os plans de Mendizábal non deron resultado, pois a guerra continuou e a débeda non se saneou.

Enseguida foi substituído por Istúriz, un liberal moderado que paralizou todas as reformas. Isto acentuou de novo as protestas dos radicais producíndose levantamentos populares nas cidades. A culminación destes incidentes foi o **motín dos sarxentos de La Granja** (Segovia), onde se encontraba a Corte naquel momento. Este episodio provocou unha crise de Goberno e a raíña rexente confiou de novo o poder aos progresistas. A determinación máis importante do novo Goberno foi a convocatoria dunhas Cortes que elaboraron unha nova Constitución, aprobada en xuño de 1837.

A **Constitución de 1837**, de **carácter progresista**, recuperaba algúns aspectos de 1812, aínda que pretendía o consenso entre as dúas correntes liberais. Os cambios máis destacados respecto á de 1812 foron:

- **Reforzamento do poder da Coroa.** Recoñecía o principio de soberanía nacional, pero esta atribuíuse conxuntamente ás Cortes e ao rei. A Coroa tamén tiña dereito de veto, é dicir, podía rexeitar unha lei, e tiña potestade para disolver as Cortes.
- **As Cortes pasaron a ser bicamerais.** O Parlamento dividiuse en dúas cámaras, que se chamaron por primeira vez na historia de España, Congreso dos Deputados e Senado.

A **lei electoral de 1837** tivo un carácter moderado. O sufraxio universal masculino da Constitución de Cádiz substituíuse por un sufraxio censatario polo que só os maiores contribuíntes tiñan dereito a voto. Esta lei inaugurou unha práctica común e estendida ao longo de todo o século XIX: o **falseamento dos resultados electorais e o control do proceso polo goberno**.

Nas eleccións de setembro de 1837 os moderados obtiveron a maioría e pasaron a ocupar o goberno (algo non difícil de entender tendo en conta cantos e quen eran os que votaban). Nos anos seguintes, intentaron, sen saírse do marco constitucional, desvirtuar os elementos máis progresistas e democráticos da lexislación de 1837. Así, en 1840 amañan unha lei electoral

aínda máis restritiva, a limitación da liberdade de imprenta e unha lei de Concellos que lle da a Coroa a facultade de nomear aos alcaldes das capitais de provincia. Ademais, iníciase unha lexislación que tende a devolverlle os seus bens ao clero secular e a outorgarlles, en parte, os bens expropiados ás ordes relixiosas.

O apoio decidido da rexente á política moderada provocou o enfrontamento directo dos progresistas coa Coroa. Un amplo movemento insurreccional alzouse en numerosas zonas do país e María Cristina, antes de apoiar a un goberno progresista, renunciou á rexencia e marchou para Francia.

2.2. A REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843)

Trala renuncia de María Cristina, o xeneral Espartero, de orixe humilde e líder progresista convértese en rexente; Pero a súa actitude no goberno foi dun marcado autoritarismo: non foi quen de cooperar coas Cortes, arredouse cada vez máis dos seus correligionarios, e en 1842 aprobou un arancel que abría o mercado español aos tecidos de algodón ingleses, ameazando deste xeito á industria catalá.

A medida provocou en Barcelona un levantamento no que estiveron involucradas tanto a burguesía como as clases populares, que vían perigar os seus postos de traballo. Espartero mandou bombardear a cidade ata conseguir a submisión, colocando a Cataluña e a boa parte do partido progresista na súa contra. Os moderados aproveitaron para protagonizar unha serie de conspiracións encabezadas polos xenerais Narváez e O'Donnell, que provocaron a dimisión de Espartero. No ano 1843 abandona a rexencia e marcha exiliado a Inglaterra. Para non nomear un terceiro rexente, as Cortes decidiron adiantar a maioría de idade de Isabel II e proclamárona raíña cando tiña trece anos (novembro de 1843).

III.- O REINADO DE ISABEL II (1844-1868): CONSOLIDACIÓN DO LIBERALISMO MODERADO

3.1. A DÉCADA MODERADA (1844-1854).

Trala caída de Espartero en 1843 e a proclamación como raíña de Isabel II, os moderados fixéronse co poder co total apoio da Coroa, e reprimiron calquera levantamento de carácter progresista. Iniciábase así un longo período de dominio moderado que, con breves interrupcións, gobernaría o país ata o ano 1868. As novas Cortes, abertas en outubro de 1844, tiñan unha maioría abrumadora de moderados. A súa fronte estaba **Narváez** (o home forte dos moderados), quen sentou as bases do novo Estado moderado e organizou as súas principais institucións.

O réxime asentouse sobre o predominio social, económico e político da **burguesía terratenente**. Para este grupo cumpría consolidar unha nova orde social que protexese as conquistas da revolución liberal contra a reacción do carlismo e ao mesmo tempo contra a subversión das clases populares, non dubidando en limitar as liberdades en beneficio da orde e da propiedade. Non

se trataba de volver ao vello absolutismo, senón de asentar un liberalismo conservador que reformase o Estado en interese das novas clases dominantes e que restrinxise a participación política ao escollido grupo dos propietarios.

Para poder gobernar de acordo con estes principios, os moderados e máis a Coroa prestáronse a modificar a Constitución progresista de 1837, incompatible cos seus intereses. Así, o 23 de maio de **1845 promulgábase unha nova constitución** que recollía as ideas básicas do moderantismo:

- **Soberanía compartida** entre o Rei e as Cortes.
- **Supremacía política da Coroa.** A raíña tiña a iniciativa lexislativa, podía disolver as Cortes e vetar as súas decisións.
- **Participación política dos cidadáns moi limitada**, o que significa un sufraxio censatario moi restrinxido.
- **Restrición das liberdades individuais**, impoñéndose a censura de prensa.
- **Confesionalidade** católica do Estado.

Tras a promulgación da nova Constitución, os gobernos moderados continuaron modificando o sistema político de acordo cos seus intereses e os das clases acomodadas da sociedade (alta burguesía e aristocracia). Isto foi o que fixeron:

- ✓ **Suspendeuse a venda de bens desamortizados** e devolvéronse aos seus propietarios os bens sen vender.
- ✓ Creouse en 1844 a **Garda Civil**, unha nova institución militar baixo as ordes directas do Goberno e formada por profesionais contratados que substituíu á suprimida Milicia Nacional dos progresistas. O seu obxectivo era controlar ás masas populares, manter a orde pública, reprimir as alteracións sociais e asegurar a defensa da propiedade.
- ✓ Elaborouse unha nova **Lei dos concellos** (1845), que impoñía o nomeamento dos alcaldes polo Goberno, en todas as capitais de provincia e nas capitais de partidos xudiciais con máis de 2.000 veciños, ou polo gobernador civil nas poboacións máis pequenas. Isto revelaba o seu especial empeño por controlar o poder municipal.
- ✓ Restrinxiuse a participación política cunha **Lei electoral** (1846) que limitaba a 100.000 as persoas con dereito a voto. O corpo electoral resultante non superaba o 1% da poboación.
- ✓ A **nova lei de Facenda** (1845) simplificou o sistema tributario ao reducir os múltiples impostos existentes a dous grandes tipos: directos (a contribución territorial e o subsidio industrial e comercial) e indirectos (de aduanas, especiais como o do tabaco e sobre o consumo de bens, imposto que gravaba, con algunhas excepcións, os produtos de primeira necesidade). As máis prexudicadas foron as clases populares que viron incrementada a presión fiscal por medio dos impostos indirectos, fundamentalmente os consumos, e que, ao longo do século, protagonizaron numerosas protestas e motíns contra os consumos.

- ✓ Outra serie de medidas foron a regulación do **sistema de instrución pública** (Plan Pidal, que estableceu o modelo educativo imperante na España do século XIX, con tres niveis: primaria, secundaria e universidade). E adoptouse tamén un **único sistema de pesos e medidas**, o sistema métrico decimal.

Estes cambios deron lugar a unha nova administración e aumentou o número de funcionarios. Moitos deles cambiaban segundo o goberno que tocase, o que introduciu a práctica das **cesantías** (cesante era aquel funcionario que perdía o seu traballo cando cambiaba o goberno).

Os moderados intentaron tamén mellorar as súas relacións coa Igrexa, que en gran parte se amosara proclive ao carlismo e moi especialmente a causa da desamortización e da abolición do décimo. Así, no ano **1851** asinou un **Concordato coa Santa Sé** polo que se recoñecía á relixión católica como “única da nación española” con exclusión doutros cultos; aceptouse a inspección da Igrexa sobre o sistema educativo español; recoñeceuse o dereito da Igrexa a adquirir e posuír bens, despois de admitir as vendas da desamortización; e creouse a contribución de “culto e clero”, o que supoñía que o Estado mantiña á Igrexa con cargo aos orzamentos. A partir dese momento, aínda cando certos sectores seguiron a ver na opción carlista a única garantía de recuperar a situación privilexiada do Antigo Réxime, a postura oficial da xerarquía da Igrexa católica foi a de apoiar o trono de Isabel II.

As medidas tomadas polos moderados orixinaron numerosas protestas. **Os sectores máis radicais dos progresistas**, unha vez comprobada a identificación entre a raíña e os moderados e a imposibilidade legal de acceder ao poder, **protagonizaron numerosos intentos revolucionarios** (un cada 17 días durante os cinco primeiros anos da década moderada); entre estes destacan os intentos fracasados protagonizados en 1844 en Levante, en 1846 en Galicia e en 1848 en Madrid e Sevilla.

No caso de **Galicia**, o pronunciamento progresista iniciouse en Lugo en 1846 e foi encabezado por Miguel Solís; rapidamente sumáronse diversas cidades galegas (agás Coruña e Ourense, controladas polo Goberno) e os revolucionarios estableceron en Santiago unha Xunta Superior da que foi secretario Antolín Faraldo. A falta de apoio no resto de España e a imposibilidade de contar coa Coruña facilitou a represión do Goberno, as tropas sublevadas foron derrotadas e Solís e once oficiais foron fusilados en Carral. Son os **Mártires de Carral**. O levantamento de 1846 tivo unha especial significación para a historia de Galicia pois nel, xunto ás peticións progresistas, aparecen os esbozos dunha reivindicación especificamente galega.

Tamén os carlistas se sublevaron contra o Goberno. En Cataluña, entre 1846 e 1849 desenvolveuse a **guerra dos matiners** (madrugadores en catalán) **ou segunda guerra carlista**. Foi protagonizada por campesiños que protestaban pola crise agraria, os impostos e o recrutamento do exército. A revolta tamén pretendía a defensa dos dereitos ao trono do pretendente Carlos. Os protagonistas non conseguiron os seus obxectivos e a represión foi moi dura.

A partir de 1851, o carácter cada vez máis ultramoderado dos gobernos orixinou unha situación de auténtica ditadura: a prensa foi censurada, as garantías constitucionais e as Cortes frecuentemente suspendidas e políticos e militares moderados de prestixio foron desterrados). O número de descontentos co Réxime incrementouse, incluso dentro das filas moderadas, desde onde conspiraron cos progresistas para derrocalo.

3.2. O BIENIO PROGRESISTA (1854-1856)

En 1854, progresistas e moderados descontentos protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como a “Vicalvarada” (Vicálvaro, Madrid) encabezado polo xeneral O'Donnell, e cun programa, o **Manifesto de Manzanares** (redactado por Antonio Cánovas del Castillo), no que se recollía a aspiración de reformar o sistema vixente e que tivo unha rápida difusión porque xa se usaba o telégrafo.

O pronunciamento clásico derivara nunha revolución, un reflexo tardío da revolución europea de 1848, como se viu nos sucesos do 17 ao 19 de xullo en Madrid: na batalla urbana houbo un centenar de mortos e centos de feridos. Ao mesmo tempo, os progresistas protagonizaron numerosos motíns e revoltas nas cidades. O día 26 a situación cambiou, creouse a Xunta Superior de Madrid, formouse a Milicia Nacional e a cidade mantívose á espera da chegada de Espartero.

O xeneral **Espartero** chegou a Madrid triunfante desde o exilio. Esta etapa estivo dirixida por dous caudillos militares: Espartero, líder dos progresistas e **O'Donnell**, da Unión Liberal. As dúas liñas de acción máis importantes dos gobernos progresistas foron:

- ✓ A aprobación da **Lei de desamortización xeral** de 1855 (o segundo gran proceso desamortizador), realizada polo ministro **Madoz**, e que poñía en venda os bens propios e comúns dos concellos, das Ordes Militares e das institucións de beneficencia. Esta lei supuxo un duro golpe para a economía dos concellos e para os campesiños pobres e os xornaleiros, incapaces de comprar as parcelas que saíron á venda e despoñidos do usufruto das terras comunais. As medidas de Madoz provocaron, a partir de entón, un empeoramento das condicións de vida de moitos campesiños e un incremento das tensións e protestas sociais no campo, sobre todo en Andalucía. Tamén levou a outra ruptura de relacións coa Santa Sé e provocou levantamentos carlistas, incitados polo clero.
- ✓ A promulgación da **Lei de ferrocarrís de 1855**, que sentou as bases para a formación da rede ferroviaria española.

A tarefa lexislativa das Cortes Constituíntes de 1854 prolongouse durante todo o bienio e foi intensa, pois chegaronse a elaborar 200 leis. Estas Cortes elaboraron unha nova Constitución que non chegou a promulgarse: a **Constitución “non nata” de 1856**, na que se recollían as preocupacións dos progresistas na liña da Constitución de 1837 e se precisaban e limitaban os poderes da Coroa.

Pero as medidas reformistas do bienio non melloraron as condicións de vida das clases populares nin tiveron en conta as súas demandas, o que xerou un **clima de grave conflictividade social**. A situación de crise económica (alza de prezos, malas colleitas...) produciu levantamentos obreiros en Barcelona en 1855 (folga xeral), onde os traballadores pedían a redución dos impostos (consumos), a abolición das quintas (recrutamento forzoso no exército), a mellora dos salarios e a redución da xornada laboral.

Por último, en 1856, produciuse un grave levantamento no agro castelán e en moitas cidades do país, con asaltos e incendios de terreos e fábricas. A situación provocou unha grave crise no goberno. Aproveitando a situación, O'Donnell deu un novo golpe, derrotou á Milicia Nacional e desprazou do poder a Espartero e aos progresistas. Comezaba así outra etapa protagonizada pola Unión Liberal de O'Donnell, a quen a raíña chamara para formar goberno.

3.3. O RETORNO DO MODERANTISMO AO PODER (1856-1868)

En liñas xerais, **entre 1856 e 1866, alternáronse no poder os moderados de Narváez e os membros da Unión Liberal de O'Donnell**. As restantes forzas políticas (progresistas radicais, demócratas e republicanos) quedaron marxinas do sistema.

A lexislación e a Constitución moderada de 1845 foron restauradas, lográndose unha estabilidade política soamente alterada polos conatos revolucionarios dos demócratas e polas revoltas campesiñas. En 1857 houbo unha grave **crise de subsistencias** pola escaseza de trigo, o que agudizou os conflitos sociais no campo andaluz. A resposta do goberno foi a represión das protestas cun balance dun centenar de fusilados e numerosos presos.

A partir de 1866 as discrepancias entre a raíña e o xefe de Goberno O'Donnell, rematan cunha profunda **crise política** e a súa expatriación a Francia. **Narváez** asume a presidencia e goberna de forma ditatorial tentando conter a avalancha de forzas opositoras, polo que esta situación permite cualificar a estes dous últimos anos do reinado como **bienio ultramoderado**.

A **grave crise económica de 1866** acelerou a descomposición do réxime. **No exilio**, progresistas e demócratas, dirixidos por Prim, acordan unir as súas forzas para derrocar a Isabel (**Pacto de Ostende**), acordo que sería ratificado en 1867 en Bruxelas (**Pacto de Bruxelas**). Tras a morte de O'Donnell (novembro 1867), os unionistas encabezados por Serrano, tamén se suman a este pacto. Pouco despois falece Narváez (abril 1868) no exercicio do poder. A raíña estaba soa.

Nos primeiros días de setembro de 1868 preparouse o pronunciamento, que debía ter lugar en Cádiz. O día 18 o almirante Juan Bautista Topete sublévase nesta cidade coa escuadra ao seu mando; e o manifesto dado a coñecer finaliza co grito de “¡Viva España con honra!”, que sería un símbolo unido a esta **revolución de setembro de 1868**, coñecida tamén como “**A Gloriosa**” ou “**A Setembrina**”. Como consecuencia destes acontecementos, a raíña viuse obrigada a exiliarse, finalizando así o seu reinado.